

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027216	IES Fernando Esquíó	Neda	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Oratoria	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A materia de oratoria é unha optativa de 4º da ESO ofertada, neste caso, polo centro IES Fernando Esquíu de Neda. Esta materia está orientada á posta en práctica da capacidade de comunicación e expresión oral por parte do alumnado, profundando e desenvolvendo así a súa competencia lingüística, a competencia de expresións cultural, a de aprender a aprender ou a competencia plurilingüe, entre outras. O alumnado deberá aprender a expresarse publicamente desenvolvendo a actitude e as aptitudes necesarias para iso, sendo primordial o fomento dun clima de respecto aos compañeiros á hora de realizar as tarefas que permitirán afondar nesta habilidade fundamental para unha sociedade democrática que procura utilizar como principal vector de convivencia a utilización da dialéctica e a retórica.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Bloque 1. O discurso persuasivo: a arte de falar e convencer.	Bases e fundamentos da oratoria,	25	26	X	X	
2	Bloque 2. A selección da información: inventio	Aprendizaxe da selección da información, ideas, fontes.	25	26		X	
3	Bloque 3. A preparación do discurso: dispositio, elocutio e memoria.	Aprendizaxe da redacción, elaboración e desenvolvemento técnico do discurso.	25	26		X	X
4	Bloque 4. A presentación do discurso: actio	Práctica do discurso, exposición oral.	25	27			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	Bloque 1. O discurso persuasivo: a arte de falar e convencer.	26

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Comprender as bases fundamentais da oratoria.	PE	33
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Traballar con textos de contido retórico e persuasivo, analizando a súa técnica.		
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	Poñer en práctica a habilidade retórica e dialéctica.	TI	67
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	Amosar coñecemento sobre as técnicas de persuasión.		
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Comprender os usos da persuasión a través de diferentes argumentos.		
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Descubrir falacias e elaborar argumentos de diversos tipos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As partes da retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio.</li> <li>- A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas.</li> <li>- A argumentación como factor clave: tipos de argumentos.</li> <li>- Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Bloque 2. A selección da información: inventio	26

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Traballar con diversas fontes documentais.	PE	40
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Precisar con criterio a pertinencia ou non da información estudada.		
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Aprender a contrastar información mediante a investigación.	TI	60
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Comprender a diferenza entre a información e a opinión.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Desenvolvemento da actitude crítica na utilización das TIC á hora de buscar información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.</li> <li>- Documentación e investigación. Alfabetización mediática.</li> <li>- Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.).</li> <li>- Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación</li> <li>- Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.</li> <li>- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Bloque 3. A preparación do discurso: dispositio, elocutio e memoria.	26

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Redactar o discurso con corrección lingüística, persuasión e creatividade.	PE	28
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Revisar correctamente o texto antes de rematalo.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Crear un discurso contextualizado en base a un marco comunicativo específico.	TI	72
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Organizar as ideas de forma estruturada.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Aprender a argumentar utilizando diferentes recursos.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Desenvolver estratexias mnemotécnicas.		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Adecuación do discurso ao contexto.</li> <li>- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.</li> <li>- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.</li> <li>- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.</li> <li>- Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.</li> <li>- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.</li> <li>- Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.</li> <li>- Procedementos retóricos. Características estilísticas.</li> <li>- Coherencia e cohesión.</li> <li>- Corrección lingüística.</li> <li>- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.</li> <li>- Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio.</li> <li>- Interiorización do discurso.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Bloque 4. A presentación do discurso: actio	27

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Desenvolvemento de presentacións de apoio.	PE	16
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Desenvolver a capacidade de falar en público en diferentes contextos.	TI	84
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Aprender a expresar diferentes emocións axeitadas á hora de comunicarse.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Traballar a linguaxe corporal e a presenza escénica.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.</li> <li>- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).</li> <li>- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).</li> <li>- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.</li> <li>- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.</li> <li>- Proxémica: espazo escénico.</li> <li>- Naturalidade fronte á artificiosidade.</li> <li>- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.</li> <li>- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía principal desta materia constará da participación activa do alumnado na elaboración de presentacións orais e, se o grupo permite facelo, de debates ou outras actividades grupais. O traballo en grupo será fundamental á hora da preparación e realización das diferentes actividades. Esta dinámica intercalárase con explicacións de apoio por parte do docente á hora de expoñer contidos fundamentais da oratoria e tamén como explicación previa á realización das diferentes actividades. Polo tanto, a metodoloxía vai encamiñada a favorecer a autonomía do alumnado, tanto á hora de traballar, coma de expresarse e comunicarse oralmente en público e en directo diante dos seus compañeiros.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos do profesor
Recursos audiovisuais: proxector e ordenador
Taboleiro
Caderno do alumnado

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso o docente intentará comprobar a capacidade previa do alumnado á hora de falar en público, atendendo ás posibles dificultades que este amosa.

#### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

##### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	33	40	28	16	<b>29</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	67	60	72	84	<b>71</b>

##### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación desta materia procurarán realizar unha avaliación mediante un 100 % de actividades de aula sen necesidade de facer un exame de avaliación. Isto será a condición de que a didáctica funcione correctamente e que o alumnado responda positivamente ás diferentes dinámicas realizadas ao longo do curso, no



caso que non sexa así existirá a posibilidade de que o docente considere, segundo o seu criterio, a realización dunha proba escrita como modelo de avaliación.

As actividades de aula contemplarían os seguintes formatos: a realización de diferentes exposicións e presentacións, tanto individuais como colectivas, realización doutros tipos de traballos, debates a partir da visualización de filmes ou lectura de libros e cómics etc. A cantidade e peso porcentual de cada unha delas dependerá da temporalización e organización do curso, sendo avisado e comunicado con antelación ao alumnado as datas de realización, a forma de realizar a actividade, o peso porcentual das actividades etc. Dada a materia, os criterios de avaliación irán relacionados na súa maior parte coa capacidade de elaboración e posta en práctica de discursos retóricos e outras competencias de expresión oral. A pesar disto, en ocasións é probable a realización de actividades escritas como complemento ao traballo da competencia oral.

En xeral valorarase a corrección ortográfica, gramatical, a correcta sintaxe, a postura física á hora de falar, a corrección da linguaxe e o ton axeitado ao contexto, a soltura e fluidez, a preparación e estruturación das presentacións, discursos ou debates, o respecto do tempo de palabra dos compañeiros e o propio, a entrega a tempo das tarefas, o traballo da aula no día a día etc.

A materia considerárase superada no caso de acadar unha nota igual ou superior a un 5 na avaliación final. Esta nota xurdirá da media das 3 avaliacións.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de non aprobar a materia a partir da media das 3 avaliacións, existirá a posibilidade de facer unha recuperación ao final de curso mediante unha proba escrita cos diferentes contidos do curso. Soamente coma unha excepción poderase valorar a posibilidade de realizar esta recuperación do curso mediante algún tipo de traballo, aínda que en principio o método de recuperación será un exame. Estes contidos estarían a disposición do alumnado na Aula Virtual do centro e, no caso de ter que realizala, concretaríase con antelación unha data.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Ademais de atender as necesidades xerais do grupo-clase, no caso de ser preciso, procurarse aplicar os diferentes protocolos de atención á diversidade para o alumnado NEAE. Isto realizarase en colaboración coa titoría e o departamento de orientación, realizando as adaptacións pertinentes tanto para a metodoloxía no traballo de aula como para a realización das actividades. Dentro dalgunhas medidas xerais a considerar, de ser necesarias, estarían as seguintes: adaptación tipolóxica dos documentos, flexibilización dos tempos de realización e entrega, reordenación da colocación dentro da aula, adaptacións de contido e dos instrumentos de avaliación.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Aprender a comunicarse e expresarse en público en diferentes contextos.	X	X	X	X
ET.2 - Coidado e respecto ás normas dun diálogo civilizado.	X	X	X	X
ET.3 - Respecto á igualdade de xénero e crítica da discriminación á hora de participar en debates e diálogos.	X	X	X	X
ET.4 - Fomentar un uso responsable e crítico da liberdade de expresión.	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.5 - Relacionar as habilidades adquiridas con outras materias, coñecementos e experiencias persoais.	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Non hai previsión de actividades.	Non hai previsión de actividades.	X	X	X

### Observacións:

Non hai previsión de actividades. En caso de que se propoña algunha actividade ao longo do curso explicitarase de que se trata e procurarase relacionarse co contido e actividades da materia, avisando con antelación ao alumnado.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación e adecuación da programación ao desenvolvemento do curso é correcta.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía practicada e desenvolta ao longo do curso é axeitada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A organización e aproveitamento de recursos é correcta.
Medidas de atención á diversidade
No caso de ser necesario desenvólvense medidas de atención á diversidade de forma correcta e suficiente.
Clima de traballo na aula
O clima do traballo da aula é axeitado para a aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación co resto da comunidade educativa é axeitada e pertinente.

### Descrición:

Estes indicadores consideraranse á hora de realizar o seguimento da programación durante as reunións de departamento. No caso de ser necesario o departamento aprobará a modificación da programación conforme ás necesidades do grupo-clase no desenvolvemento do curso. De facer algunha modificación esta será indicada ao alumnado con antelación.

A información recollida en relación á avaliación e revisión da programación será recollida na memoria final de departamento con vistas ao seguinte ano académico.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A información recollida a partir dos indicadores do apartado anterior servirán como forma para avaliar e revisar a programación ao longo do curso. No caso de ser necesario, recolleranse propostas de mellora que poden ser incluídas na programación do vindeiro curso académico con vistas á mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

## **9. Outros apartados**